



# 25 N DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

A violencia contra as mulleres foi unha constante ao longo da historia. Na literatura e música tradicionais galegas, podemos atopar infinidade de exemplos do trato que recibían as mulleres no seu día a día.

Hoxe en día, artistas musicais como as Tanxugueiras, adicáronse a modificar as coplas da música tradicional mudando as mensaxes machistas e reivindicando o papel e o traballo da muller no día a día como podedes ver no seu tema "[Que non mo neguen](#)". Tamén, dignificaron o papel das pandereteiras, as cales normalmente eran as únicas mulleres músicas das foliadas e tamén, as únicas que non cobraban polo seu oficio polo feito de ser mulleres, como si o facían por exemplo os homes, que acostumaban ser os gaiteiros e tamborileiros.

A continuación, deixámosvos algunhas das coplas de temática violenta e machista que podemos atopar nos cancioneros tradicionais, para que observeades e reflexionedes dende unha perspectiva crítica, a normalidade coa que se asumían estas mensaxes e as súas posibles repercusións.

EDLG



# 25 N DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

*Á muller e á mula  
cada día unha tunda  
E o que así non fixer  
nin boa mula nin boa muller.*

*Durme comigo unha noite  
xa verás como che para  
Tiruliru matou á muller,  
púxo a en cachos levouna vender  
todos pensabamos que era touciño  
e era a muller do Chiviruchiño.*

*Maruxa, miña Maruxa,  
a do refaixo amarelo  
se te encontro no camiño  
non vale dicir non quero.*

*Esta noite hei dir aló,  
terás as pernas lavadas,  
heime de meter entre elas,  
aunque sea a puñaladas.*

*Non sabe fregar un plato,  
nin varrer cunha escobela,  
un día de cabreado,  
varrín a casa con ela.*

*Si vas á botica,  
non vaías sola  
mira que o boticario  
gasta pistola.*

*O home para ser home  
ha de ter un pau na porta  
para petarlle á muller  
se lle pon a cara torta.*

EDLG